

A anterior proposta non vulnera o disposto no artigo 71.2 da Constitución española, posto que a atribución do estatuto de «imputado» non require de suplicatorio e a autorización parlamentaria precísase tan só para «inculpar» ou «procesar», pero non para imputar.

A proposta ten un antecedente parcial na práctica seguida pola Sala Segunda do Tribunal Supremo de admiti-la declaración voluntaria do aforado, asistido de avogados e representado por procurador, sen necesidade de elevar suplicatorio ás Cámaras.

A regulación da proposta evita o risco de autorizar unha primeira instrución polo xuíz que inicialmente coñeceu do proceso, que podería desembocar nunha «inculpación material» do aforado, vulnerando tanto o foro do parlamentario (artigo 71.3 CE) como a garantía da inmunidade (artigo 72.2).

Por todo iso propónse a redacción dun novo artigo da Lei de axuízamento criminal.

Artigo único.

Introdúcese un novo artigo 118 bis na Lei de axuízamento criminal, coa seguinte redacción:

«Artigo 118 bis.

Do mesmo modo que no artigo anterior se procederá cando se impute un acto punible contra un deputado ou senador, os cales poderán exercita-lo seu dereito de defensa nos termos previstos no artigo anterior, e todo iso sen prexuízo do previsto no artigo 71.2 e 3 da Constitución española.»

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 5 de xullo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

13355 *LEI 32/2002, do 5 de xullo, de modificación da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, co obxecto de permiti-lo acceso de estranxeiros á condición de militar profesional de tropa e mariñeira.* («BOE» 161, do 6-7-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actual situación de España, nos seus aspectos social, económico, xurídico e político, converten o noso país en obxectivo atraente para numerosos estranxeiros que desexan, por diversas razóns, trasladarse a vivir entre nós e exercer unha actividade de carácter profesional.

Este fenómeno da inmigración, regulado en esencia na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa inte-

gración social, modificada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, non só necesita unha disposición solidaria da sociedade española, senón que ademais impón un esforzo común de tódolos poderes e institucións públicas. A este esforzo non deben ficar alleas as Forzas Armadas. Iso suporá, por outra parte, lograr un certo incremento —en todo caso non moi significativo— na base de recrutamento. Iso require a adopción das medidas legais oportunas co fin de levanta-la prohibición de que nacionais doutros países poidan formar parte das nosas Forzas Armadas, o que, non obstante, se debe arbitrar normativamente de tal maneira que a súa regulación non supoña inxerencia en asuntos internos doutros estados, nin unha colisión coas normas de Dereito internacional, nin co concepto tradicional das Forzas Armadas e a misión constitucionalmente asignada.

A defensa nacional e, como parte dela, a defensa militar, é responsabilidade esencial dos cidadáns españois. Por iso, o acceso de estranxeiros ás Forzas Armadas deberase restrinxir de forma proporcionada ó obxectivo perseguido, co propósito de evitar un desprazamento cuantitativo e cualitativo daquela. Para logralo, adécuese a carreira militar dos estranxeiros que acceden a elas, na medida precisa para a consecución da dobre finalidade da súa plena integración e da súa colaboración na política de persoal das Forzas Armadas dentro do proceso de plena profesionalización destas últimas, o que conduce a limita-los países os nacionais dos cales poden optar ó acceso ós exércitos en función dos especiais e tradicionais vínculos históricos, culturais e incluso lingüísticos que os unen a España.

Artigo único. *Modificación da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas.*

1. Engádeselle un segundo parágrafo ó punto 1 do artigo 2 da Lei 17/1999, do seguinte teor:

«Tamén terán consideración de militares profesionais os estranxeiros vinculados ás Forzas Armadas coa condición de militar profesional de tropa e mariñeira de carácter temporal, nos termos establecidos nesta lei.»

2. Engádeselle un segundo parágrafo ó punto 1 do artigo 62 da Lei 17/1999, do seguinte teor:

«Os estranxeiros poderán acceder ó ensino militar de formación para adquiriren a condición de militar profesional de tropa e mariñeira de carácter temporal na forma establecida no artigo 68 bis desta lei.»

3. Engádeselle un segundo parágrafo ó punto 2 do artigo 63 da Lei 17/1999, do seguinte teor:

«O disposto no parágrafo precedente enténdese sen prexuízo do establecido no artigo 68 bis en relación co acceso de estranxeiros á condición de militar profesional de tropa e mariñeira.»

4. Engádeselle un artigo 68 bis á Lei 17/1999, do seguinte teor:

«Artigo 68 bis. *Acceso de estranxeiros a militar profesional de tropa e mariñeira.*

1. Os estranxeiros que sexan nacionais dos países que regulamentariamente se determinen de entre aqueles que manteñen con España especiais e tradicionais vínculos históricos, culturais e lingüísticos, poderán acceder á condición de militar profesional de tropa e mariñeira nos termos dos pun-

tos seguintes deste artigo, e sen prexuízo do determinado no parágrafo segundo do artigo 68 da lei, sempre que, pola lexislación do seu país de orixe ou por canto se poida establecer en convenios internacionais, non perdan a súa nacionalidade ó entraren ó servicio das Forzas Armadas españolas nin teñan prohibición de alistamento militar nelas.

2. A relación xurídico-pública de carácter especial que se establece co asinamento do compromiso réxese exclusivamente por esta lei e as normas regulamentarias que a desenvolvan.

A relación de servicios profesionais coas Forzas Armadas establecerase mediante o asinamento dun compromiso único que terá unha duración, contada desde o nomeamento como alumno do centro docente militar de formación correspondente, de tres anos, e producirá, desde a data do seu asinamento, os efectos pertinentes para os fins de residencia e permiso de traballo.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, aqueles que á finalización deste compromiso adquirisen a nacionalidade española e queiran continuar prestando servicios como militar profesional de tropa e mariñeiría nas Forzas Armadas, poderán establecer novos compromisos de acordo co establecido no artigo 95 desta lei.

3. Para o ingreso de estranxeiros nos centros docentes militares de formación esixiranse, ademais dos establecidos no punto 2 do artigo 63, salvo o referido á nacionalidade española, os requisitos seguintes:

- a) Te-la residencia legal en España;
- b) Non figurar como rexeitable no espacio territorial de países cos que España asinase un convenio en tal sentido;
- c) Te-la maioría de idade conforme o disposto na súa lei nacional; e
- d) Carecer de antecedentes penais en España ou nos seus países anteriores de residencia por delitos existentes no ordenamento español.

4. Regulamentariamente determinarase a cota de prazas que se ofertarán para o acceso de estranxeiros, con indicación das especialidades, unidade ou unidades e, se é o caso, porcentaxe de vacantes nestas últimas.

Así mesmo, determinaranse regulamentariamente as especificidades do ensino militar de formación dos estranxeiros para o seu acceso á condición de militares profesionais de tropa e mariñeiría de carácter temporal, que terá en todo caso, como unha das súas finalidades, a de proporcionarlles unha instrucción adecuada sobre os principios e valores constitucionais e as institucións, así como nos coñecementos básicos históricos e culturais de España.

5. En caso de resolución ou finalización do compromiso, se aínda non tivesen adquirida a nacionalidade española, quedarán sometidos ó réxime xeral de dereitos e obrigas aplicable ós estranxeiros, sen que lles sexa de aplicación o disposto no artigo 169 desta lei.

6. Ós que solicitasen a adquisición da nacionalidade española poderáselles prorrogar, de se-lo caso e nos termos que se establezan regulamentariamente, o compromiso que tivesen asinado ata a finalización do procedemento instruído para tal fin.»

5. Engádeselle unha alínea f) ó punto 1 do artigo 83 da Lei 17/1999, do seguinte teor:

«f) No suposto de estranxeiros, perde-la nacionalidade de orixe sen adquiri-la española ou calquera outra das que permiten o acceso á condición de militares profesionais de tropa e mariñeiría.»

6. Engádeselle unha alínea m) ó punto 3 do artigo 148 da Lei 17/1999, do seguinte teor:

«m) No suposto de militares profesionais de tropa e mariñeiría estranxeiros, perde-la nacionalidade de orixe sen adquiri-la española ou calquera outra das referidas no artigo 68.bis desta lei que permiten o acceso a aquela condición.»

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de xullo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

13356 *LEI 33/2002, do 5 de xullo, de modificación do artigo 28 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo. («BOE» 161, do 6-7-2002.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 28 do Estatuto dos traballadores consagra o principio de «igualdade de remuneración por razón de sexo». Sen embargo, o seu alcance revélase limitado ó concepto técnico-xurídico de salario, xa sexa na súa modalidade de salario base ou de complementos salariais, deixando fóra do seu ámbito de aplicación outras percepcións económicas que o traballador poida recibir con ocasión do seu contrato de traballo.

Pola súa parte, o Dereito comunitario, tanto orixinario como derivado, consagra o denominado «Principio de igualdade de retribución». Así sucede no artigo 141 (antigo artigo 119) do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea e na Directiva 75/117/CEE, do 10 de febreiro. Ámbolos textos ofrecen un ámbito de aplicación material máis amplo que o que suxire o noso Estatuto dos traballadores, interpretado na súa literalidade. Así, as fontes europeas garanten expresamente que a satisfacción por parte do empresario de calquera percepción económica, con independencia da súa natureza salarial ou extrasalarial, responderá ó principio de igualdade entre traballadores e traballadoras.

Así as cousas, parece obrigado traspoñer adecuadamente o Dereito comunitario, modificando para iso o artigo 28 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, de modo que, substituíndo